



Concello de Sada\_Avenida da Mariña, 46\_15160 Sada

Concellería de Cultura e Praias\_sada.cul@sada.gal

## BASES PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA

“máis.cul” CURSO 2018-2019



### Artigo 1º.-Obxeto.

*Máis.cul* é un programa de intervención sociocultural nas parroquias do Concello. Ten como obxectivos dinamizar o entorno comunitario e promover a participación activa da veciñanza na vida cultural e social de Sada, a través da realización, nos centros cívicos parroquiais, de diversas actividades enmarcadas no paradigma da educación permanente de adultos. As actividades son as seguintes:

- Papel Maché
- Encaixe de Bolillos
- Patchwork
- Fotografía
- Arte Floral

### Artigo 2º.-Destinatarias/os

As actividades están destinadas á toda a poboación sen límite de idade. Terán preferencia aquelas persoas que estean empadroadas en Sada.

### Artigo 3º.- Temporalización e lugar de realización

As actividades do programa *máis.cul* comezarán o luns 5 de novembro de 2018 e rematarán o venres 21 de xuño de 2019. Respectando os seguintes períodos vacacionais:

- Vacacións de Nadal (do 24 de decembro ao 6 de xaneiro)
- Vacacións de Entroido (do 4 ao 8 de marzo)
- Vacacións de Semana Santa (do 15 ao 20 de abril)

Cada unha das actividades terá unha duración de dúas horas e atenderá á seguinte temporalización e localización:

ACTIVIDADE	DÍA	HORARIO	LOCALIZACIÓN
Papel Maché	Luns	18:30-20:30	Centro cívico O Castro
Encaixe de Bolillos	Martes	19:30-21:30	Centro cívico Carnoedo
Patchwork	Mércores	19:30-21:30	Centro cívico Mondego
Fotografía	Xoves	18:30-20:30	Centro cívico Veigue



Concello de Sada\_Avenida da Mariña, 46\_15160 Sada

Concellería de Cultura e Praias\_ sada.cul@sada.gal

## BASES PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA

“máis.cul” CURSO 2018-2019



Arte Floral	Venres	19:30-21:30	Centro cívico Meirás
-------------	--------	-------------	----------------------

### Artigo 4º.- Inscripción para participar no programa *máis.cul*

Os participantes deberán formalizar a inscrición das actividades a través das seguintes vías:

- . **Presencialmente:** cubrindo a folla de inscrición que se facilitará na Oficina da Xuventude (OMIX)
- . **Correo electrónico:** descargando o formulario habilitado na páxina web municipal [www.concellodesada.com](http://www.concellodesada.com) e enviándoa á dirección de correo [sada.cul@sada.gal](mailto:sada.cul@sada.gal)
- . **On-line:** cumprimentando directamente o formulario habilitado na web municipal [www.concellodesada.com](http://www.concellodesada.com) no apartado programa *máis.cul*

No caso de que existan débedas cos servizos económicos municipais, previa comprobación de oficio, non será admitida a solicitude. Poderá ser subsanada a débeda correspondente, tendo que realizala antes do prazo de pagamento e sempre que haxa prazas vacantes.

### Artigo 5º.- Prazos

- . **Inscrición:** a inscrición poderá realizarse mediante calquera dos sistemas especificados no artigo 4º destas bases. O prazo para presentar as inscricións estará aberto entre o 22 e o 26 de outubro, ambos incluídos. O horario de atención ao público na **Oficina da Xuventude é de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 18:00**, de luns a venres.
- . **Listado de persoas admitidas e formalización definitiva da inscrición:** primeiramente comunicárase o listado de persoas admitidas o día **2 de novembro**. As persoas admitidas terán un prazo de formalización da matrícula **entre o 5 e o 16 de novembro**, debendo realizarse o pago do prezo público estipulado, recollido no artigo 7º destas bases. Será necesario presentar o xustificante de pago á Concellería de Cultura dentro deste prazo.
- . O xustificante poderase presentar na Oficina da Xuventude ou por correo electrónico na dirección de e-mail [sada.cul@sada.gal](mailto:sada.cul@sada.gal). **A non formalización da inscrición neste prazo suporá a renuncia da praza**, pasando o dereito á seguinte solicitude da listaxe de agarda.
- . **Prazo extraordinario:** sempre e cando haxa dispoñibilidade de prazas e a concellería considere que se pode incorporar novo alumnado segundo a dinámica de cada actividade, abriase prazo para novas inscricións.



Concello de Sada\_Avenida da Mariña, 46\_15160 Sada

Concellería de Cultura e Praias\_sada.cul@sada.gal

## BASES PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA

“máis.cul” CURSO 2018-2019



### Artigo 6º.- Admisión e sorteo público

Os números máximo e mínimo de participantes virá determinado polas características específicas de cada actividade.

No caso de non cumprir o mínimo de participantes requirido para o bo funcionamento dunha actividade esta será suplida por outra nova, que concorde coa finalidade e obxectivos do programa.

En caso de superar as prazas dispoñibles por actividade realizarase un sorteo público na OMIX. Todas aquelas persoas que queden sen praza pasarán a formar parte da listaxe de agarda (respectando a orde resultante no sorteo e con preferencia para empadroados) e poderán ser chamados para cubrir as prazas vacantes nas actividades do seu interese.

### Artigo 7º.- Prezos e períodos de pagamento

O prezo de aplicación para as/os participantes no programa *máis.cul* é o establecido no informe de prezo público aprobado polos Servizos Económicos Municipais. Este prezo fíxase en 5€ mensuais por persoa e actividade.

Todas as persoas participantes nas actividades de *máis.cul* realizarán o pagamento das cotas atendendo ás seguintes indicacións:

- **1ª cota.** O alumnado admitido deberá realizar o ingreso bancario de 20 € en sinal de matrícula e como pagamento dos catro primeiros meses, entre as datas 5 e 16 de novembro, ambas incluídas. O ingreso efectuarase no número de conta:

BBVA	ES08 01825550220000000142
------	---------------------------

- O xustificante de pagamento deberá entregarse obrigatoriamente na Oficina da Xuventude para ter validez a matrícula.
- **2ª cota.** O alumnado deberá realizar o pagamento total dos meses restantes de actividade (5€ por mes) mediante o ingreso na conta bancaria:

BBVA	ES08 01825550220000000142
------	---------------------------

dentro do período comprendido entre o día 1 e o 15 de febreiro de 2019. O xustificante de pagamento deberá entregarse obrigatoriamente na Oficina da Xuventude para facer válido o pagamento da 2ª cota e a continuidade na actividade.



Concello de Sada\_Avenida da Mariña, 46\_15160 Sada

Concellería de Cultura e Praias\_ sada.cul@sada.gal

## BASES PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA

“máis.cul” CURSO 2018-2019



### Artigo 8º.- Baixa na actividade

- . Para cursar baixa en calquera das actividades do programa, a persoa interesada deberá comunicalo entre os días 15 e 30 do mes en curso.
- . **Non** se considerará baixa na actividade si a/o alumna/o lle comunica de palabra á profesora/or que non vai seguir asistindo á actividade. Para que sexa **efectiva a baixa da actividade** deberá presentarse no rexistro municipal (á atención dos Servizos Económicos Municipais) mediante o modelo “baixa da actividade”.
- . **Será causa de baixa** o non pagamento das cotas establecidas.
- . O Concello reembolsará á persoa participante a cantidade correspondente ao mes/meses pagados coa última cota, a partir do seguinte mes ao da presentación da baixa no Rexistro Municipal.

*Dado en Sada, na data da sinatura dixital.*

María Pardo Fafián.  
Concelleira de Cultura e Praias.  
Concello de Sada.